

Salarios desde o punto de vista do perceptor: Fenda salarial

Resumo de resultados 21/05/2021

ÍNDICE

Fenda salarial	1
Fenda salarial segundo o tipo de xornada	2
Definicións, fontes e máis información	3

Fenda salarial

A fenda salarial é un indicador que representa a diferenza entre a ganancia media por hora dos homes e a ganancia media por hora das mulleres como porcentaxe da ganancia media por hora dos homes. Para o cálculo deste indicador só se consideran os asalariados de empresas de 10 ou máis asalariados incluídas nalgunha das seccións B a S (excluída a O: “Administración pública, defensa e seguridade social obrigatoria”) da CNAE 2009.

No ano 2018 a fenda salarial en Galicia foi do 8,50 %. Isto significa que os homes gañan máis que as mulleres, en concreto, un 8,50 % máis. A


Ao analizar a evolución temporal deste indicador obsérvase que a fenda salarial entre homes e mulleres reduciuse entre 2014 e 2018 tres puntos porcentuais; isto quere dicir que as diferenzas salariais entre homes e mulleres eran máis abruptas en 2014 do que o son en 2018.

Fenda salarial na industria, construción e servizos (excepto AAPP, defensa e SS obrigatoria).


Galicia. Ano 2018

Unidade: Porcentaxe

Actividade económica	2014	2018
Industria, construción e servizos (excepto administración pública, defensa e seguridade social obrigatoria)	11,5	8,5



A fenda salarial en Galicia sitúase en 2018 por debaixo da UE28, que acada o valor do 15 % e da de España, cuxa fenda se sitúa en 11,90 % en 2014.



Fenda salarial segundo o tipo de xornada

Ao ter en conta o tipo de xornada, as diferenzas na fenda salarial diminúen.


No ano 2018, os homes que traballaban a tempo parcial en Galicia gañaban un 18,20 % máis (con respecto ao seu salario), que as mulleres que traballaban co mesmo tipo de xornada. Os salarios a tempo completo son máis homoxéneos e a fenda salarial neste tipo de xornada non supera o 6 %.

Fenda salarial segundo o tipo de xornada na industria, construción e servizos (excepto AAPP, defensa e SS obrigatoria).

Galicia. Ano 2018

Unidade: Porcentaxe

Espazo	Total	Tempo completo	Tempo parcial
Galicia	8,5	5,7	18,2



Definicións, fontes e máis información

Definicións

- Definicións

Descarga de datos

- Fenda salarial. Galicia
- Fenda salarial segundo o tipo de xornada. Galicia
- Fenda salarial nos países da UE27

Fontes de información

IGE. Elaboración propia a partir dos microdatos da Encuesta de Estructura Salarial elaborada polo INE